

Avaliación da materia de portugués nos grupos de 1º, 2º e 3º da ESO

Número de avaliacións

No curso 2021-2022 realizaranse tres avaliacións parciais e unha avaliación final. A terceira avaliación parcial decorrerá entre os días 6 e 8 de xuño. A avaliación final terá lugar os días 20, 21 e 22 de xuño.

Tipo de avaliación

Na materia de portugués a avaliación é continua e progresiva:

- É continua, porque se ten en conta o progreso de cada alumno no proceso de aprendizaxe. Isto implica que ao longo do curso o profesor leva un rexistro da evolución do mencionado proceso de aprendizaxe do alumnado para o que utiliza distintos procedementos e instrumentos de avaliación (observación, probas orais e escritas, *carta por puntos*, participación, traballos...)

- É progresiva, dado que en cada momento do curso, se está a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado. Isto supón que o alumnado que aprrobe a terceira avaliación parcial terá aprobada coa mesma nota a avaliación final ou superior, no caso de que faga correctamente as actividades que lle propoña a profesora para o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.

Fórmula matemática que se emprega para o cálculo da nota das avaliacións parciais e final (no caso dos aprobados na 3ª avaliación parcial)

O que se avalía	Porcentaxe en relación coa nota
Comprensión e expresión escrita	40%
Comprensión e expresión oral	40%
Traballo na sala de aula ou TPC (traballo para casa)	20%
Instrumentos de avaliación: observación, probas escritas e orais, <i>carta por puntos</i> (instrumento para avaliar a expresión oral), traballos, fichas, caderno, participación.	

Período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso.

O alumnado que aprobese a materia na terceira avaliación parcial poderá subir un punto a nota, se durante estes días traballa activamente e realiza correctamente as actividades propostas pola profesora.

O alumnado que non aprobese a materia na terceira avaliación poderá superar a materia se durante este período consegue mellorar a súa competencia comunicativa en portugués

coas actividades propostas pola profesora. O aprobado será un 5. Na seguinte táboa detállase o que será obxecto de avaliación, a porcentaxe correspondente á nota e os instrumentos de avaliación que se usarán.

O que se avalía	Porcentaxe en relación coa nota	Instrumento de avaliación
Comprensión e expresión escrita	30%	Proba escrita
Comprensión e expresión oral	30%	<i>Carta por puntos</i> e observación
Traballo na sala de aula e TPC (traballo para casa)	40%	Observación, fichas, traballos, caderno, participación

Información e publicidade

Esta addenda será publicada na aula virtual.